




Ramón Cabanillas Enríquez
Eladio Rodríguez González


A SAUDADE NOS POETAS GALLEGOS




EDICIÓN FACSIMILAR

XUNTA DE GALICIA








Ramón Cabanillas Enríquez
Eladio Rodríguez González

A SAUDADE NOS POETAS GALLEGOS



EDICIÓN FACSIMILAR



Ramón Cabanillas Enríquez
Eladio Rodríguez González

A SAUDADE NOS POETAS GALLEGOS



EDICIÓN FACSIMILAR

EDICIÓN DE:

Luís Alonso Girgado
Teresa Monteagudo Cabaleiro

Edita

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A
INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ

Director Xeral de Política Lingüística

XESÚS P. GONZÁLEZ MOREIRAS

Coordinador Científico

CONSTANTINO GARCÍA


Realización: Gráficas ATV

ISBN: 84-453-2938-3

Depósito legal: C-2.191-2000



Eladio Rodríguez González
(1864-1949)



Presentación

Como en anos precedentes, o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades quere presentar a súa contribución ó Día das Letras, que no ano 2001 homenaxea ó poeta, académico e lexicógrafo ourensán Eladio Rodríguez González.

Pois ben, con independencia dunha *Escolma* de textos de verso e prosa que o Centro presentará con posterioridade, penso que é moi oportuna esta edición facsimilar do que ata agora era unha rareza bibliográfica. Refírome a *A saudade nos poetas galegos*, que recolle dous fermosos e puntuais discursos: o da entrada do poeta Ramón Cabanillas como académico de número na Real Academia Galega (fito que tivo lugar en Mondariz o día 31 de agosto de 1920) e o de recepción do novo académico pronunciado


polo que era daquela secretario da institución, Eladio Rodríguez González.

Estamos –penso– diante dunha pequena xoia da nosa prosa ensaística e, así mesmo, dun fermoso e emocionado homenaxe ós nosos poetas, en particular a aqueles que lle deron voz propia á saudade como luz e memoria de Galicia e dos galegos.


Celso Currás Fernández
CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ÍNDICE

1. Introducción
Unha sesión da Real Academia Galega:
(Mondariz, 31-VIII-1920)..... 13
2. Ramón Cabanillas Enríquez / Eladio Rodríguez González: *A saudade nos poetas gallegos* (FACSÍMILE)..... 27
3. Epílogo.
Referencias de prensa.....107



1. INTRODUCCIÓN



UNHA SESIÓN DA REAL ACADEMIA GALEGA (MONDARIZ, 31-VIII-1920).

O libro que aquí ofrecemos —*A saudade nos poetas gallegos*— en edición facsimilar, reproduce aquel que aparecera en 1920 co texto do discurso¹ pronunciado polo poeta cambadés Ramón Cabanillas (1876-1959) con motivo da súa entrada na Real Academia Galega o día 31 de agosto de 1920 como académico de número. Como é de rigor no protocolo académico, o discurso de Cabanillas, o novo académico, foi respondido, en repre-

1. Os discursos de Cabanillas e de Rey Soto (así como os de Eladio Rodríguez González e Marcelo Macías) foron reproducidos en *La Temporada* de Mondariz, que no seu nº 14 (5-IX-1920) publicou a máis completa crónica dos actos da Academia, ós que dedicou integramente as súas páxinas.

sentación da docta institución (e na súa condición de secretario da mesma), por outro académico, honra que recae en Eladio Rodríguez González. O seu discurso de recepción a Cabanillas era a parte segunda e complementaria daquel pequeno volume onde van xuntos o que xa daquela era consagrado poeta e recoñecido “Poeta da raza” e o que ía ser un dos nomes de maior relevo no ámbito da nosa lexicografía.

Facendo unha breve retrospectiva, a secuencia da chegada de Cabanillas á Academia é a seguinte. Na sesión² do 20-XII-1918, na proposta de novos académicos de número, aparece o seu nome para ocupar a vacante de D. José Salgado. Outros académicos daquela proposta foron: David Fernández Diéguez, Armando Cotarelo Valledor, Antonio Rey Soto, Ramón de Artaza Malvárez, Félix Estrada Catoira, Fernando Martínez Morás, Francisco Ponte Blanco, Evaristo Martelo Paumán, Santiago Tafall, Julio Dávila e Ramón de Arana.

2. Vx. *Boletín da Real Academia Galega*, A Coruña, nº 128, (1-I-1919), pp. 230-231.

Na sesión³ ordinaria de 27-I-1920 procedíase á lectura e aprobación dos dictames de propostas de novos académicos de número (citados no anterior parágrafo), coa salvedade de que queda “pendiente la votación de dichos señores para la sesión próxima, según reglamento”. A referida sesión tivo lugar o día 17-VII-1920 e nela temos xa un pequeno grupo de novos académicos de número, doce en total, entre os que aparece o nome de Ramón Cabanillas. No Boletín da Academia⁴ que na súa “Sección oficial” recolle o tratado naquela sesión engádese que

“Todos los señores nombrados obtuvieron unánimemente los votos de sus compañeros, excepto el Sr. Martínez Morás, a quien el Sr. Martínez Salazar se abstuvo de votar por tratarse de un hijo suyo”.

Polo que se refire a Eladio Rodríguez González, era académico de número dende 1905 e de feito o seu nome aparece no grupo de 40 académicos-fundadores da institución

3. *BRAG*, nº 133, (1-II-1920), pp. 28-31.

4. *BRAG*, nº 136, (1-VIII-1920), pp. 188-192.

na súa primeira xuntanza⁵ de 4-IX-1905 celebrada na Coruña. Anos despois, en 1920, na sesión ordinaria⁶ do 27 de xaneiro, foi nomeado “por los votos unánimes de todos los señores reunidos” Secretario da Real Academia Galega, cargo que deixaba vacante o Marqués de San Martín —que o ocupaba interinamente— por razóns de saúde. O novo Secretario aparece exercendo as funcións do seu cargo na xuntanza⁷ de 17-VII-1920, na que consta que “dió gracias a sus compañeros por el honor que le habían dispensado designándole para tal cargo”.

Pouco máis de un mes tardaron en ler os seus discursos de entrada dous dos doce novos académicos de número que accederon á Academia en 1920: Antonio Rey Soto (o seu discurso foi contestado por don Marcelo Macías) e Ramón Cabanillas. O feito⁸ tivo

5. *BRAG*, nº 1, (20-V-1906), pp. 3-4.

6. Vx. nota 3.

7. Vx. nota 4.

8. Unha síntese dos actos escrita polo mesmo Eladio Rodríguez González témola no *BRAG*, nº 137, (1-X-1920), pp. 213-217.

lugar na vila de Mondariz, onde a Real Academia celebrou os días 30 e 31 de agosto sesións extraordinarias de carácter público que incluíron así mesmo, no segundo día, unha homenaxe ó Presidente da institución, D. Manuel Murguía. Os actos académicos desenvolvéronse na sala de festas do Gran Balneario, do que eran propietarios os irmáns Enrique e Ramón Peinador Lines, que agasallaron ademáis ós representantes da Academia cunha serie de actividades artístico-culturais e de lecer: actuación das corais Ruada e Agarimos da Terra; representación de dúas pezas teatrais de Xavier Prado (Lameiro); ofrenda floral a D. Enrique Peinador e interpretación do himno galego. Enviáronse telegramas a Murguía e Teixeira de Pascoaes. Na homenaxe a Murguía falaron Vicente Risco, Antón Villar Ponte, Antonio Rey Soto, Manuel Lezón e Annette Meakin. Léuse tamén un poema de Ramón Cabanillas.

Cómpre dicir, sen embargo, que a elección de Mondariz para estes actos académicos non foi moi do gusto de todos e de feito unha parte da prensa manifestouse moi criti-

camente ó respecto e, neste senso, destaca o ataque furibundo que aparece nas páxinas de *Vida Gallega*. Este ataque e outras críticas máis puntuais, en realidade teñen como trasfondo a cuestión nacionalista, centrada neste caso no terreo da lingua. No extremo contrario sitúase *A Nosa Terra*, que exalta a afirmación galeguista daquelas xornadas. No noso epílogo de “Referencias de prensa” ten o lector unha breve panorámica da recepción que os actos de Mondariz tiveron nalgúns medios da nosa prensa escrita e aínda as notas informativas que, asinadas polo mesmo Eladio Rodríguez González, apareceron nas páxinas do *Boletín* da Academia.

O discurso de Ramón Cabanillas, “A saudade nos poetas gallegos”, foi pronunciado polo poeta o día 31 de agosto de 1920. A sesión académica comezou ás dez da noite e, despois das lecturas regulamentarias propias do acto, Cabanillas presentouse na sala do Gran Balneario acompañado por Antonio Rey Soto (que lera o seu discurso o día anterior) e Fernando Martínez Morás. Ocupaba a presidencia o Marqués de Figueroa. Ós actos

NA NOITE ESTRELECIDA

SAGAS DE R. CABANILLAS © DIBUXOS DE CASTELAO



A ESPADA ESCALIBOR © O CABALEIRO DO
SANT GRIAL © O SONO DO REI ARTUR ©



EDICIÓN «LAR» © MCMXXVI © EMPRENTADO EN
MONDARIZ-BALNEARIO

Do prelo do Balneario de Mondariz saía, en 1926, este emblemático poemario que Cabanillas dedicou a Enrique Peinador, propietario do establecemento, que custeou a edición.

NA NOITE
ESTRELEI-
DA POR
R. CABA-
NILLAS

*Cuberta da edición facsimilar presentada
por Edicións Xerais no Balneario de Monda-
riz no 2000.*

académicos de Mondariz asistiron figuras de relevo da vida cultural galega como Marcelo Macías, Antón Villar Ponte, Vicente Risco, Amador Montenegro Saavedra, Manuel Lugrís Freire, Eugenio Carré Aldao e outros académicos e escritores.

Particular referencia merece a asistencia da escritora inglesa Annette M.B. Meakin, que participou nos actos académicos en representación do seu país e deixou unhas breves crónicas dos mesmos nos xornais *The Times* e *The Morning Post*. O seu interese e curiosidade por Galicia (foi ademais, unha verdadeira admiradora e devota de Rosalía) callou nas páxinas do seu libro⁹ *Galicia, the Switzerland of Spain* (1909). No *Boletín* da Academia figura unha pequena folla coa reprodución do escrito que a escritora leu o día 31 de agosto na sesión da homenaxe a Murguía. Transcribimos o texto do discurso da escritora inglesa:

9. Traducido ó galego por Rebeca Quintáns: *Galicia inédita. Diario de viaxe de Annette Meakin*, Perillo-Oleiros (A Coruña), Tambre, 1994.

Señoras y señores:

Me gusta muchísimo encontrarme entre vosotros esta tarde.

Vengo de Inglaterra, el país donde nació vuestra reina y tendré, si Dios quiere, el honor de escribir unos artículos para los periódicos ingleses sobre las fiestas de estos días.

Al volver a mi país, yo también quizás conoceré las saudades de Galicia... ¡Saudades de Mondariz!

Tengo en mis manos una novela de Rosalía de Castro que me ha prestado D. Enrique Peinador. Escrita hace cincuenta y tres años, esta novela es tan moderna que parece escrita en nuestros días. Es muy original *El caballero de las botas azules*, la menos conocida de todas las obras de Rosalía.

Al acabar de leer este libro, que me gusta muchísimo, he escrito al distinguido presidente de la Real Academia de Galicia, pidiéndole permiso para traducirla al inglés. Aquí tengo la respuesta de D. Manuel Murguía:

«Muy señora mía de toda mi distinción: Recibí su muy estimada en la cual se digna pedirme permiso para traducir al inglés, y publicar la novela de mi difunta esposa *El caballero de las botas azules*, lo cual desde luego le concedo

con satisfacción suma, no sólo porque en ello ofrece Vd. un señalado tributo de estimación a la autora y a cuantos la memoria de aquella santa mujer les es querida, sino también a los que vivimos y con ella formamos nuestra familia.

De Vd. affmo., Manuel Murguía»

Si Dios quiere, los ingleses también aprenderán a sentir amor por vuestra Rosalía de Castro».

Polo que se refire ós discursos de Cabanillas e de Eladio Rodríguez González, ámbolos dous están orixinariamente en galego, circunstancia por certo non frecuente no ámbito académico. Sen ir máis lonxe, o discurso que o día anterior, 30 de agosto, lera Antonio Rey Soto, “Las primeras obras tipográficas impresas y editadas en nuestra región (1494-1553)” estaba redactado en castelán e en castelán leuno o novo académico.

O tema da saudade —é ben sabido— é un dos máis constantes e característicos da poesía galega. Estudiada por numerosos ensaístas (Ramón Piñeiro é unha referencia inevitable) e cantada polos poetas, a saudade semella ser

unha clave esencial e fonda da alma galega e, conxuntamente, da portuguesa. Algúns dos seus trazos distintivos e o seu itinerario de perduración ó longo do tempo en numerosas voces poéticas galegas é o obxecto das fermosas páxinas agora reproducidas e recuperadas. Á súa lectura invitamos coa certidume do seu interese.


Luís Alonso Girgado
Teresa Monteagudo Cabaleiro
*Centro Ramón Piñeiro para
a Investigación en Humanidades*

Ramón Cabanillas Enríquez
Eladio Rodríguez González

A SAUDADE NOS POETAS GALLEGOS



(FACSÍMILE)



RAMÓN CABANILLAS ENRÍQUEZ


ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

A SAUDADE NOS
POETAS GALLEGOS

A CRUÑA

TIP. "EL NOROESTE,,

ANO 1920



A SAUDADE
NOS
POETAS GALLEGOS

A Cruña: Tip. EL NOROESTE. Ano 1920

A SAUDADE NOS POETAS GALLEGOS

DISCURSO LIDO POR

RAMÓN CABANILLAS

O DÍA 31 DE AGOSTO DO ANO 1920, EN QUE
SE CELEBROU NO BALNEARIO DE MONDARIZ O SEU
RECIBIMENTO NA

REAL ACADEMIA GALLEGA

E CONTESTACIÓN DE

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

SEGREDARIO DA ACADEMIA



DISCURSO
DE
RAMÓN CABANILLAS



Señores Académicos:

Somentes El Señor, que sabe como
ê de cativa e pedruguenta a miña horta
secana, está ô tanto do meu suar a
fío no medio das uces bravas e dos
carrascos rateños, arredando fentos
e toxos, en precuro d-unha rosa [ve-
laíña que ela fosel co-a que presentar-
me diante de vós a cumprir a miña
oferta, a faguer o pago, obriga de de-
reito e devoción do costume, d-este
foro espiritual no que somos rendeiros
cantos vemos honrada a nosa probeza
por mercede da vosa cortesía fidalga
e da vosa bondade acariñadora, c-o
agasallo prestixioso d-un asento ô lu-

me no fogar esgrevio onde se ergue,
sempre acesa e alumeante, a fogueira
sagra do máis enxebre amor â Terra,
o amor que limpa e vela os grrorios
saiales remendados dos inmortaes pe-
legrinos do noso Ideial e as batidas
armaduras, que os séculos cubriron de
poeira, dos seus nobres e valentes ca-
baleiros, o amor que se axoenlla dian-
te das pedras de santidad que nos cum-
mes e nos vales, nos mosteiros e nos
pazos, nas ermidas sinxelas e nas so-
lenes cathedraes, cantan o esforzo de
unha raza, o amor que abrilanta e pu-
le n-un traballo escuro e silenoso,
mal agradecido cando non dado a es-
quecemento, os decires mainos, os be-
rros pregantes e bruadores, as verbes
milagreiras da nosa Fala, d-esta Fala
voadora que sabe como ningunha das
inquietudes segredas, das tristuras fon-
das, dos amores mimosos e saloucantes,
das divinas saudades vagorosas...

Caviloso e sin acougo, que enriba de trafegos obrigados traguíanme as horas súpetos dores neboentos, desmaiaba na cubiza e no rebusco cando unha alma compasiva, irmán n-estas arelas de retrauto e renacencia que fixeron niño nos peitos xenerosos da mocidade da patria, puxo na miña man «Os poetas lusiadas», de Teixeira de Pascoaes; páxinas novas ás que agardan días de eternidade, libro tocado da gracia e frorecido, como unha roseira de milagre, en rosas de todo tempo.

Abreuse o meu corazón a un sentimento docísimo e lumioso, e namorado do seu feitizo esgallei, pecador, unha ponliña da roseira. Pranteina na hortiña probe das uces e dos toxos, caíron sóbor d-ela as raiolas douradas do Pasado, bicárona os ventíños leviáns do Porvir, regueina co-as augas cristaiñas do noso lirismo orballado de bágoas, e na ponla callou un

pensamento, rosiña de cores pálidos
e recendo velaño ¡tal o xardineiro!
que vên a decirvos, homildosa, cómo ê
de fonda no sentimento e de antiga no
blasón a saudade nos poetas gallegos.



Fror de lembranza, ô abrirse diante
de vós, têm de deixar caír a máis aru-
mada das súas follas, en oferta sagra
de admiración, â memoria benamada
de Don Xosé Salgado Rodríguez, o
gallego escrarecido que chamado alá
arriba, a máis outo asento no rueiro
olímpico dos nosos inmortaes, deixou
valeiro n-este nobre Istituto o que a
vosa mercede me donou. Poeta de sau-
dade, prisioneiro da sinxela meiguice
d-aquel currunchiño do noso chan, que
bican as auguas faladoras do Ulla sa-
loucante e do Umia ridor, no fío de
pelras que teceu co-as súas rimas loce
a primeira, con soave e docísima cra-

ridade, aquela en que encerrou todo o sereo encanto da cibdade de Arousa e da ría de ensono na que se espella; e antre o feixe frorido dos seus traballos de fina labra, que se agachan nas follas amarelas dos antigos xornales, terán vida louzana os artigos evocadores en que arrincou do esquecemento a groriosa e vella historia dos mosteiros de Cines, de Carboeiro e de Moraimo, honor e gala dos fillos de San Benito nas terras prelaciaes de Santiago. Bendizoado antre os bos e xenerosos, ô percorrer dos tempos, na idade de frorecimento que se aveciña, o libro recollerá, cubríndoa de loureiros, a súa labor de enxebreza e namoramento da terra en que naceu.

Reconocimento e sinal de máis outa loubanza que a patria lle debe, quede eiquí esta folliña de recordación saudosa.



Cando a branca pombiña do noso Sant Graal, mensaxeira da Espranza divina, baixa do ceo lumioso a renovar o Misterio, chega tamén arelante e cubizosa de apagar na terra,—onde deita en silencio a fonte da Lembranza,—a súa sede eterna de renacemento e creación. Este é o significado místico e milagreiro da Saudade.

Voando máis pol-o baixo, a Saudade é a forza creada, en remanso, do Recordo e a forza creadora e puxante da Espranza, superadas no tempo; o Pasado e o Porvir, a Evocación e o Deseio, irmandados n-unha fervenza relixiosa, camiñando pol-as ribeiras do Misterio en precuro d-un máis alá de arelas do corazón e da intelixencia. Cubiza do lonxe, presentimento do que está para chegar, arela d-un ben perdido, lembranza d-unha luz que nos fireu na vaguedade d-un soño, desasosego de encadeado, inquie-

dade do que loita por abrir as aíñas para camiñar pol-o azul, a saudade é o sentimento consustancial co-a nosa alma gallega e o molde que dou forma ô noso lirismo.

Añón e Rosalía chamáronlle *soidade*, a modo dos cancioneiros e d-El Rei Don Diniz de Portugal, Pondal dixo *suidade*, e Lamas, que nomeou un dos seus libros «Saudades Gallegas», falou tamén de *soedade*, anque sin dúdiba no sinificado de saudade:

¡Ay, qué martirios sufro na terra!
¡Ay, qué soedades tan fondas teño!

O enraizamento da palabra é fondo.
O do sentimento está na freba das
almas e dos corazóns.



Anque a saudade pelegrina por todol-os camiños do Arte, e a Música é

sempre saudade esgrevia, o máis outro
cume de espresión e de nobreza adi-
quíreo na Poesía. A alborada, hino de
adoración a El Señor na súa gloria,
o mesmo que a cantiga da calandria
voando en circos cara ô ceo, envol-
veita na dourada craridade dos raios
de sol nacente, ê a Saudade-Lembran-
za saíndo ô encontro da Divinidade,
e o alalá, tristura de amor de amar,
pregado â bocanoite, namentras voa
no vento que se dorme o tanguido
solene e vagoroso das campañas que
chaman â oración, o mesmo que o
reiseñor namorado praguendo seus
queixumes ô luar, antre o recendo do
laranxeiro frorecido, ê a Saudade-Es-
pranza abranguindo n-unha aperta de
amor o Recordo que a enxendra; mais,
a Poesía, por riba de todo eso, ê a
ollada misteriosa con que a alma ve
e sinte a Beleza do íntimo, a do fon-
do segredo das cousas, e a voz mila-

greira que di o noso sentimento diante de Dios.



Pol-o que fai â nosa poesía, ê de tal maneira e en tal medida filla da Saudade, que ben se pode xurar que si a alma gallega non estivera tecida c-os seus fíos, Galicia non tería poetas. O noso lirismo vive na verba saudade como n-unha boliña de cristal, prisioneiro de encantamento.

A súa executoria arrinca de vello. Viva e latexante, acesa e arumada, barbullá xa nos beizos bicadores dos nosos docísimos troveiros medioevaes e amóstrase, logo, crara e lindamente dibuxada, dende os comenzos d-este consolador rexurdimento dos nosos días, nos poetas xuzgados como precursores.

Tan noso ê este lirismo, que os que

nos miran de lonxe, sin decatarse da virtude segreda d-esta saudade vago-rosa, escada das nosas arelas e cabezal dos nosos soños, fai tempo que andan perguntando si a gaita gallega rí ou chora. Somentes a ollada serea de don Miguel de Unamuno axexou un instante, ô través do velo sagro que cobre o noso altar: foi él o que dixo que dos mesmos verdores da nosa campía, ridente e garimosa cando se mira de pasada, surde, n-un són acompañado, unha queixa resñada e mimosa, porque estas terras do poniente da Europa, estas terras de Irlanda, de Bretaña e Galicia, onde viven os pobos célticos, con gaita ou sin ela, estanse sempre queixando, c-os ollos cravados no mar, onde parece que se lles perdeu algo, algo que él sospeita que é a Atlántida afundida no misterio das auguas. Escoitade o docísimo sentimento, as verbas elexíacas que

lle arinca a contemplación, saudosa
diante da Saudade, das nosas rías:
«Ese mar, que alí se agacha, antre os
brazos verdecentes da terra ¿non é
que precura n-eles un ben lonxano
que chora perdido ou o maino esque-
cemento dos seus dores tormentosos?
Alí, a carón da súa dona eterna, dor-
me e soña. E poida que arele tornar
a ser río, río homilde, recollido e re-
mansado; poida que soñe c-os seus
días de neno. ¡Quén sabe! Tal poidera
ser que aquela meiga ría de Arousa
esteia soñando c-o Ulla que lle rinde
as súas auguas, c-o probe Sar que
cantou a probe Rosalía. Todo elo non
é máis que unha sede; a sede que têm
o mar das doces auguas dos ríos que
baixan dos cumes, aquela sede devo-
radora, nunca apagada, que Rosalía
sufreu...» Velahí o deseio do retorno
à idade primeira: ¡O mar quere ser
río...! Velahí a espranza insatisfeita:

¡A sede eterna das auguas doces...!
Forza invencible do Recordo e divi-
nas arelas da Espranza divina, que
xa que Dios é a nosa eterna Espran-
za, tocada tén de estar de divina vir-
tude a súa filla máis nobre, a divina
Saudade!

Reparemos na súa sagra labor. A
Lembranza, esto é, o tempo espindo
os feitos da materia apodrecida, lim-
pándoos do lixo terreal para arrin-
carlles a barrenta figuranza e trocalos
en visión resplandecente, en Beleza
radiante. E a Espranza vestíndoos de
azul estrelecido, erguéndoos no espa-
zo, cubríndoos de Infinito e de Eter-
nidade.



De Teixeira de Pascoaes son estas
verbas xustas e nobres: «O Portugal
de Camões, a Galiza de Rosalía, a

Catalunha de Maragall são os Reinos da Saudade». Con Teixeira, Unamuno; antre os nosos, Viqueira e Risco; cantos afondaron na nosa alma, téñeno por certo.

Mintan o que queiran os ollos enganadores, o corazón dinos ôs gallegos que o Miño non é un río que sopara sinón unha ponte de amor que abraza e que axunta, mais é do caso sinalar unha levián diferenza que se atopa antre a saudade portuguesa e a saudade gallega. A saudade da outra banda do río é mesianista. A arela de rexurdimento e redención de Portugal voa ô longo das ribeiras da patria en axexo da volta do Encuberto. O Deseio encarnou: Don Sebastián, na frase velida de Teixeira, é o *corpo heroico* da Saudade. A nosa, por riba de todo, é Saudade da Terra, Saudade do fogar, da campía verdecente, do ceo neboento, do curuto hirto, da

choiva miudiña, da campana da aldea, das oliveiras escuras, da vella parede ensilveirada, do recuncho sombrizo da carballeira, da lúa que se pôn detrás do pinal... ¡saudade da lareira e do agro, saudade bendita que temos de pedir a Dios que nol-a conserve e acrecente deica ô fin das edades!

Foi por esto, e porque a Saudade camiña de costas e vai para diante mirando para atrás, pol-o que poido decir Castelao, con fondo acerto, que os gallegos témol-a luz da Espranza enriba do pazo ou da chouza en que fomos nados.

Vén de tan fondo esta nosa saudade da Terra que ô deixar os eidos nativos, ô alonxarnos mundo adiante, a Lembranza esvaída e a Espranza sedenta, desxugadas, feridas de mal sin consolo, sin toparse, magoan o corpo que cai murcho e frebento,

com-unha rosa da rexión das neves,
trasposta na terra ardente dos países
de sol bravo. Entón surde a Morriña,
que é a mesma Saudade fisicamente
doorosa:

Lonxe da terriña,
Lonxe do meu lar,
¡Qué morriña teño!
¡Qué angustias me dan!

Angustia, anguria de morte, dor tan
sin sosego, que o poeta quere verse
no seu chan, baixo o seu ceo, ¡unque
deitado en ortigas!



Parexa co-esta saudade do Ermo,
érguese, forte e solene, a saudade da
Raza. A alma gallega, afundida na
Lembranza do tempo vello, tornando ô
frescor das mañáns primaveraes da
risoña mocidade, veu nacer, antre as
brétemas do pasado, a Espranza, co-
mo ningunha ben querida, de recon-

querir o amor da nai Natureza, leda na súa homildade, deitándose no seu berce, fitando ô sol con ollos de meniño, n-unha vida sin cadeas. Non de outro xeito os fillos de Adán, ô lembrarnos do Paraíso perdido, abrimos o corazón ô deseio d-un Paraíso futuro, que os crentes ollamos no ceo e os espidos de fe coidan alcontrar na Utopía.

Esta saudade da Raza ditou aquela estrofa de amor fraterno:

â nobre Lusitania
os brazos tende amigos...

A saudade da Raza e a saudade da Terra, entrenzadas, pol-a soia virtude do xuntoiro, pol-a trave das súas arelas, pol-o casamento dos seus soños, enxendran a saudade da Patria, que val o mesmo que saudade de redención. Vén de eiquí que ô recordo do noso pasado céltico, libre e sinxelo no seo da natureza mimosa, máis que-

rido por máis lonxano, arelemos con
alma e vida a liberdade da nosa Terra.



Na vagorosa brétima das evocaciós
pondalianas, nos sons maxestosos e
proféticos da súa arpa bárdica, for-
xada nos tempos lonxanos en que
platicaban en rueiro os homes e os
dioses, a saudade tén a inquietude e
o devagar aventureiro que nos deixa-
ron en herdo sagro os nosos loiros
abós prehistóricos.

Mais a aqueles que punza
A fatal lei do canto,
Cal todo o que no mundo
Anda peleginando.

Non intentés detel-os vagabundos
Que son aves de paso!

Esas aves que lle dan envexa, esas
aves que, cubizosas do lonxe,

...van en ringleira
gritando e voando,

en demanda das illas Sisargas
seu noto reparo.

Vede con qué fonda piedade crava a
súa ollada serea e vagorosa no desterrado sin fortuna que vai pol-o mundo en precuro de amparo, n-ese probe mendicante que atopamos ás veces xa na vereda reial runxida do sol, xa no fondo sombrizo da corredoira, n-ese pelegrino misterioso que estivo en Xerusalém e en Santiago, que conece todol-os camiños e durmeu en todol-os palleiros, e que sabe eses exempros arrepiantes de malos pecados de luxuria e de sacrilexio que somentes lle é dado perdoar ô Padre Santo de Roma. Diante d-eles, a súa voz antiga tén unha dozura imponente:

¡Parece un pino leixado do vento!

¡Parece botado do mar de Niñóns!

Visión e forza, agúa e lión, lendo craramente no porvir, a súa poesía é forte e sereamente profética, chea de fe nos outros destinos da Raza:

A luz virá para a caduca Iberia
dos fillos de Breogán!

E a doce Estramil das terras bergantiñáns, deixa ouhir o xurdio canto loitador:

¡Levántate, apréstate,
oh, Celtia xentil!
¡O tempo é chegado
do arco brandir!



Esta vaguedade enfeitizadora, este voar no azul, este ir e vir ô longo da Eternidade, têm carne e hoso en Lamas Carvajal. A nova Galicia, loitadora pol-a súa liberdade, vibra n-él forte, rexa e varil. O canto ô Pico-Sagro remata co-esta estrofa valente:

Monte sagro inmortal, o máis erguido
de todos cantos têm a nosa terra,
denantes que este pobo sea vencido
volverás a escoitar cantos de guerra!

N-un fermoso soneto, a arela de liberdade surde tráxica. Quere a Galicia ceibe,

¡Que mellor é morrer que confundida
Vivir co-a que é pra ti como extranxeira!

No que se laia da morte do Mariscal
Pero Pardo, érguese co-a man pe-
chada:

A sangre do infelíz Pardo de Cela
Crama venganza a Díos pol-a inxusticia,
¡O que a fixo verter tén que bebelas...!



Curros é unha corda aparte na nosa
lira. Loita por cantar o Porvir ente-
rrando o Pasado; mais, non pode.

A Saudade manda en nós. Temos
de camiñar diante d-ela como as nu-
bes levadas pol-os ventos. Temos de
ir empurrados do amor invencible c-o
que nos domea. É unha lumia miste-
riosa, de encantamento: nin atados,
como Ulises, poderíamos negarlle a
obediencia.

Vede ô namorado troveiro da «Vir-
xe do Cristal», magoado de lembranza
saudosa.

¿Porqué cando profético levanto
ô porvir os meus ollos tristemente,
fíreme o seu remordimento xordo
e dos pasados tempos me recordo?

Él mesmo, leial ô sentimento que
chama âs portas do seu corazón, da-
nos axiña a máis nobre das respostas:

Medoña queixa espállase no vento
por cibdades e vilas â redonda,
que inda zoa con tanto sentimento
como na praia cando toupas a onda.
Ese triste queixido, ese lamento
d-alguén vos sai que sofre pena fonda...
¡Ê o pasado que morre! A lira daime
e si canto ese morto perdoname.

Mais ese triste queixido, ese lamen-
to, non é o pasado que morre, non. Ê
él tamén quen o confesa máis adiante,
tocado da variña milagreira da divina
Saudade:

Eu d-un tesouro sei que está olvidado
e pra sacalo â luz a terra furo
.....
s-o tempo é sempre o mesmo y-agarrado
vai o presente ô que pasou, seguro...

E vên, de camiño, o reconocimiento

por enteiro da forza creadora da saudade da Terra, do poderío do chan nativo e do seu influxo no moldeamento das almas. N-aquel seu docísimo canto ás belezas da Cruña, relixioso e levantado com-unha profesión de fe, dempóis de decir que non foi na lira de Tirteo sinón sóbor das ondas rizas do Orzán onde deprendeu a estrofa xurdia e fera da liberdade e que os pedrouchos das súas illas lle donaron alma ardente e de firmeza, abre o seu peito saudoso e, arrincada do mesmo corazón, pranta esta rosa de carifño e santidade no xardín da cibdade amada:

¡Ti fuches quen me falaches
de estrana maneira mística,
d-este santo amor da patria
que se sente e non se esprica!

A alma gallega do noso Curros vivirá
para sempre n-esas catro liñas. A Terra
falándolle do amor â Patria de

estрана maneira mística. ¡D-esa estrana maneira mística que é a maneira enxebre a milagrosa da Saudade!

* * *

E chego a un punto no que se me encolle o corazón e o pensamento esváiseme, afundido na grandeza, na inmensidade d-un nome.

Para voar astra Rosalía é mester conecel-os camiños do ceo.

Dempóis de catrocentos anos de silencio e de recollimento interior, a alma de Galicia, saudosa de amosstrar toda a beleza que garda, encarnoun-Ela.

Cando o porvir envolva en néboas os nosos tempos, e as cousas e os nomes se esborrallen na lonxanía, as novas xentes daranse a cavilar que a súa obra, chea de eternidade, é o traballo escollido de centos de corazóns ardendo diante do mesmo altar.

O día que a Morte, pousando a gadaña, leu «Follas Novas», soupo de dores que non vira e reparou en que, un por un, lle contaran os hosos.

«Follas Novas» é o poema da Saudade. Con todo, non é un libro pra ler; é un libro para rezar, porque Rosalía esquirbeu máis para que Dios a oíra que para que a escoitaran os homes.

Todol-os padecimentos de amor verteron n-él unha pingota de sangue, e alí están, roxas e acesas, como n-un cáliz que gardase o corazón latexante da nosa Terra.

A Saudade, a divina Saudade, foi a que forxou aquel cravo de ouro, de ferro ou de amor, que ô ferir o seu corazón fíxoo frorecer n-aquela rosa mística eternamente louzana:

Mais ve que o meu corazón
é unha rosa de cen follas
y-ê cada folla unha pena
que vive apegada n-outra.
Quitas unha, quitas duas,

penas me quedan de abonda;
hoxe dez, mañán corenta,
desfolla que te desfolla...

¡O corazón me arrincaras
desque as arrincaras todas!

A Saudade levouna no seu colo,
tan alto, tan alto, que xa non ve terra;

Xa nin rencor nin desprezo,
xa nin temor de mudanzas;
tan sô unha sede... unha sede
d-un non sei qué, que me mata.

A Vida e a Morte abrázanse n-Ela,
suspensas de alcontrarse pechadas no
mesmo camarín.

Mortos e vivos, en xuntanza saudosa,
alentamos n-unha tranqüía e doce
irmandade. O cimiterio, que xa non é
ausencia, têm a quentura do fogar e
n-él xogan os nenínos, cantan os pa-
xaros e pratican os canónegos vellos,
sentados ô sol. A terra ridente trun-
fou da Vida e da Morte. A Saudade
levantou os marcos de todol-os lin-
deiros e, ô seu bico amoroso, as al-
mas reencarnaron:

De Galicia os cimiterios
c-os seus alciPRESes altos,
c-os seus olivos escuros
y-os seus homildes osarios,
todos de frores cubertos,
frescos com-os nosos campos,
.....
cheos d-un grande sosego
parêS que nos dín: ¡Durmamos!
Dos vivos, amigos sodes,
mortos que alí tês descanso.
Visítanvos cada día,
falan con vosco rezando,
.....
e ¡astra mañán! se despiden
de vós, para o seu traballo.

Non seguirei. Leia quen poida. Leia
e rece c-os beizos pechados, deixando
que o corazón entrence, c-os raios de
luz sinconto que dormen en cada rima,
a escada do seu camiño de Eterni-
dade.

Diante de Rosalía voan as subrimes
palabras do cántico divino: «Ecce enim
ex hoc beatam me dicent omnes gene-
rationes...»

No ceo e na terra, libres ou escla-

vizados, para sempre, para sempre,
Rosalía é o *corpo-santo* da Saudade
Gallega.



Finadas estas páxinas homildes, réstame pór testimonio, obedecendo mandados do corazón, da miña gratitude ós nobres compañeiros que, alzándome en máis do que eu son, foron servidos de faguerme a honra e a gracia d-un asento â súa veira, e, co-eles, ós fidalgos señores d-esta Casa gallega de Mondaríz que hoxe nos acollen co-a xentileza e o amor que un morto esgrevio lles deixou en herdo espiritual.

Un soio laio queda no meu peito, fillo do dor da ausencia do Mestre grorioso, do que n-este Istituto é cabeza visibre e alma dirixente. Cheguen astra él, co-a miña respetosa reve-

rencia e fonda devoción, en homenaxe de xusticia, estas palabras alleas, pol-a súa pruma lembradas n-unha páxina inmortal: «Fillo de Galicia, endo a súa obra dependín que tiña lunha Patria».

CONTESTACIÓN
DE
ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ



Quixo a miña boa sorte y-a vosa mala fortuna que fose a miña homilde probeza intelectual unha vez máis agasallada e favorecida co esta grande e ennobrecedora mercede de apadriñar á un novo compañeiro que inda de-
nantes de entrar na nosa Academia, onde está de cote alcesa a labarada dos santos amores á canto é noso, tiña xa andado o estreito e longo camiño da inmortalidade, como alma privilexada y-escollida que alá *No Desterro*, nas alonxadas praias da emigración, sintíuse bicada pol-os beizos ardentes e fecundos da meiga Poésía gallega, d'esa aloumiñeira deidá que é espresión de todol-os sentimen-

tos fondos, arca santa de total-as lembranzas íntimas, espello craro e re-locente de todol-os escuros heroísmos da raza, fonte gurgulleira da que manan a cachóns, en escumante ferveiro, todol-os recordos vellos que levamos na yalma, eternamente apegada â Terra-Nai, forno onde se amasan e se cocen total-as nosas ledicias e total-as nosas tristuras, e hucha recendente da que saen, coma d'un sagrario, total-as nosas morriñas e total-as nosas saudades.



Non é mester abril-as portas pra que o fillo lexítimo das galicianas musas veña sentarse á carón de nós, e entre á faguernos compañía, pra ser un dos primeiros na relixiosa práctica d'este culto cuáseque eucarístico á total-as cousas que, por ser nosas,

sonnos tan queridas e mirámolas con tanto agarimo.

Ramón Cabanillas téñ abertas de par en par total-as portas que dan paso ôs tempos dos gallegos enxebriños. Téñas por dereito propio, por méritos d'abondo, por razón mesma dos seus mesmos títulos e das suas obras engaioleiras. Alí onde atope adouración sinceira o santo nome d'esta Terra Santa; onde haxa un altar enteiramente consagrado âs virtudes da nosa raza, y-â Fe nos nosos destinos futuros, alí será Cabanillas un dos máis escolleitos, dos máis outos oficiantes.

Si él vivira nos vellos tempos pasados, quizáis fose un d'aqueles druidas que eran mestres e señores, que coñecían o fondo do descoñecido e vivían no máis escuro e enmarañado das zoantes carballeiras. Veríamolo entón envolto na branca túnica, adi-

cado ôs seus ritos misteriosos, coa fouce d'ouro ô pe da follosa aciñeira, afaneado en descubrir as sorpresas da Natureza y-os segredos do Porvir, e teríamolo pol-o bardo cantor dos célticos feitíos. Porque él sabe de *fouces esquencidas*, e de *sonos dourados*, e oi *no escuro* o que rosma *a sombra do pinal* barulleiro, coma un rezo litúrxico de redentoras arelas pátreas, e entende o que falan entre sí as *tardes de vento* y-as *noites de choiva*, e n'esa hora espirtoal do *serán*, cando entre lusco e fusco anda pol-os eidos, caladiñamente, quediñamente, mainiñamente, a silandeira vós do asosego arrulando o sono dos agros, él vai *camiño adiante*, corredeira abaixo, costeira arriba, amodiño, amodiño, co seu *carríño cantareiro*, contemplando a engadante meiguería dos *paísaxes*, vendo cómo as *follas soltas* teñen tamén as suas íntimas traxedias nos

días d'outono, doéndose da «tristeza dos arbres sin paxaros nin follaxe», ouvindo os salaios das *pombas feridas*, e cantando as *cancións* que inzan os nosos vales de saudosos alalaas, e enchen as nosas aldeas de graleadoras muíñeiras, e desfanse esmorecentes pol-os nosos campos en arrechoucheira eacaloumiñante poesía.

Nos tempos d'hoxe, vividos tan á presa e tan axiña, que as horas parecen anos y-os días asomellan séculos, xa non hai druidas. Os castros, as medorras, as mámoas, os dólmenes y-as pedras abanantes, soio son agora curiosidades prehistóricas pra investigación arqueolóxicas, que nos quedan coma recordos de relixións mortas e de esquencidos ritos funerarios, mais sírvennos pra xustificar a nosa ilustre proxenie y-os nosos títulos seculares de raza, d'esta raza sana e varil, dura pr'os traballos, terne nas

virtudes, sofrida e valente coma poucas, forte e leial coma ningunha.

Certo que xa non se escoita a voz do Brenn congregando ôs seus vasa-
llos, nin se ven nas cumes dos montes
as lumeradas de alarma que prenden
en toda a comarca a sinal d'un prou-
simo perigo e piden unha súpeta xun-
tanza pr'a propia defensa; pero en tro-
ques de todo eso temos os novos apôs-
tolos das nosas novas Cruzadas; é
como heraldo sagrado e grorioso que
anuncia o cumprimento das «vellas
profecías», tanto tempo agardadas, te-
mos iste gran poeta que é carne pal-
pexante de poesía viva y-é corazón
acendido en amor â Terra, pra espres-
guizal-as nosas concencias morriñen-
tas y-espertal-os nosos entusiasmos
adormiñados.

Herdeiro por líña dereita d'aquela
santa gallega, d'aquela rula milagrei-
ra dos *Cantares* e das *Follas novas*,

que morreu en olor d' inmortalidade e inda vén dende a gloria acariñar-nos e enmeigarnos á todos cos seus versos-oracións, anacos de feitizo e de encantamento, o noso poeta téñ as nobres e xostregantes indinacións de Curros Enríquez diante *Da Terra asoballada*; e põñ nas súas estrofas barudas os ossiánicos acentos de Pondal, «o da lira celta d'ouro e ferro»; e vai guiado pol-a estrela do Ideal que Alfredo Brañas encolgou no ceo das nosas cobizas, coma un novo Camiño de Santiago; e leva consigo a lostregueante e lumiosa inspiración de Alberto García Ferreiro; e lembra as grandezas do mestre Añón; e conece-dor coma Xan Manoel Pintos do noso doce linguaxe tece co él os máis repinicados encaixes do falar das fadas; e téñ a mimosa dozura de Alberto Camino y-as churrusqueiras picardías de Benito Losada e de Aureliano J.

Pereira; e a voz enxebre da aldea, que poucos soup on recoller coma Valentín Lamas Carvajal e Manoel Leiras Pulpeiro, garda nos seus libros o cheiro arrecendente da terra en lentura e das noites *aluaradas*, d'esas noites tranquilas e solenes en que a voz do Acougo y-as pantasma do Medo andan cantando a caladiña canción do Silencio por entr'os soutos y-os piñeirales; noites que dan â campía neboeiros de brétemas y-esvaimentos de coores amortuxados, nos que parecen rebulir os trasnos das picareiras tradicións aldeanas, fillas do misterio e nais da inxenitude.



Un *Vento Mareiro* nol-o levou, n'unha d'esas remuiñadas en que se ven envoltas as almas inquedas que buscan hourizontes novos e saben e

poden mirar fito a fito ô lonxe; e alá se foi, arrempuxado pol-as nobres ansias de buscar traballo honrado, xa que aquí non tiña máis que probenza santa. E alá, *No Desterro*, n'esa forxa onde se cravuñan as armas do máis sano galleguismo e do máis firme amor ô nativo chau, víuse unxido pol-as sagras maus invisibres da Saudade, que o colleu agarimosa no seu colo, bicouno solermeiriñamente con estremecementos virxinales, aquentouno co morno quentor da sua cariña de diosa sin corpo, acochouno moi acochadiño no seu leito d'espíñas e de froles, e fíxoo entrar no reino maxinario dos ensonos, pra adormentalle as fondas morriñas que se lle cravaban firentes no pensamento e no corazón, coma si quixesen arrincarlle a yalma e abafarlle os folgos.

E foi entón cando a Morriña que sintíu dentro de sí tomou forma im-

palpabre no seu maxín, encheuse axi-
ña de raiolas de lus buligueira, e n'un
esprendoroso estrelecer de alborada
trunfante e groriosa saíu pra fôra en
escachoantes borbollós de poesía, e
voou con voo de aguia, erguéndose
hastr'os máis outos cumes da ispi-
ración, e dende alí tivo un himno de ga-
banza e de alento pr'os modernos loi-
tadores homildes, pr'os nosos irmaus
gallegos que «pra redimir seus eidos»,
van ô conqwerimento do traballo e do
pan

¡lonxe, ben lonxe, onde o recordo morra,
onde a vista do vello campanario
y-a vós dos fillos non anube a yalma!

E co ese écsodo atafegante que
pol-o ermo deserto das desilusións e
dos desenganos emprenden á ducias,
á centos, á milleiros, os que foron
nados aquí,

a mansa aldea, frábica de escravos,
cobre as baixas do exército dos probes.

Y-estonces é cando él arde en san-

tas carraxes ô contemplar cómo rube
o Calvario o Cristo d'estes tempos,
levando

¡Noite diante dos ollos!
¡Noite no pensamentol
¡As brétemas da Dúbida!
¡Os pantasma do Medol

E n'unha das arroutadas d'indina-
ción que sinte ô darse conta d'iste re-
baixante espectáculo en que a besta
humana se ceba carniceira na ovella
humana, cantou

a redención esquencida
y-o dor da Terra ferida...

ferida porque ve que os seus fillos se
lle van á onde Dios queira, deixándo-
lle as campías tristes, as aldeas aban-
donadas, as chouzas desertas, os la-
res fríos, as hortas ermas y-os pior-
nos valdeiros; ferida porque se atopa
aldraxada moitas veces pol-os mes-
mos que debían querela

¡Sempre nai, sempre Señora,
con leda ou cativa sorte;

preto e lexos; onte, agora,
mañán... na vida e na morte!



Namorado verdadeiro da Terra, d'es-
ta terra que é imán dos nosos pensa-
mentos todos,

a dos seráns campesinos,
a dos brillantes orballos,
a dos queixumes dos pinos
y-as risadas dos carballos,

rógalle mimoso ô seu carriño que non
colla pra chan alleo, que o leve sem-
pre

por onde escoite
a fala doce e sentida
entre bicos deprendida
no colo de miña nai

Y-é que se lembra, sin dúbida, do
seu fidalgo e soñador Cambados, que
dorme deitado â veira do mar d'Arou-
sa, onde canta ô cair nas brancas
cuncas dend'as bicudas xerras,

o espadeiro morno, o roxo viño,
sangue do corazón da nosa terra,

que arrecende a mazáns y-a rosas bravas,
quence os peitos y-as almas alumea,
e sabe á bicos de mocifia nova,
aldeana e trigueira...

viño de sanguñentas escumas, que
nas tardes de romaxe, no souto, ô pe
da ermida,

é a yalma do galán de verba maina,
de labradora e de viril maxeza,
que o mesmo se derrete coas rapazas
que arma sin máis nin máis unha quimeria.

E quer que ese viño amante e doce,

compañeiro das bolas de pan quente
y-as castañas asadas na lareira,

faga un milagre agora que os tempos
son chegados e hai sinais no ceo. E
por eso, pensando no porvir e poñen-
do todol-os seus amores no despertar
da raza, dille:

¡Encende os corazóns dos apoucados!
¡Prende lume nas almas, viño celta!

porque él, coma fillo de bendición, fixo
voto de seguir pol-a ancha corredoir
do deber, sempre adiante, sin volvel-os
ollos atrás, e xurou,

Dereito ou torto,
sin máis alcuño ni achego,
doente ou san, vivo ou morto,
gallego... ¡soio gallego!

Y-así, cabaleiro do renovador Ideal
dos condutores de almas, guiador dos
que ô seu lado imos como simples
devotiños pra cumprir tamén sincei-
ramente, homildosamente, a volunta-
ria oferta das nosas insinificancias,
puido pedir que postos todos en pe
«orredor da bandeira de Galicia»

cantémol-o dereito
à libertá da Terra,

«dispostos á non morrer sin loita»,
pra logo, n'un día grande, na hora
das grandes realidades supremas, po-
der berrar alto e forte:

¡A nosa Terra é nosa!



Vel-ahí porque Ramón Cabanillas
foi dendes d'os primeiros istantes o

poeta da Terra y-o poeta da Raza; foino porque leva a poesía na yalma y-o amor â terra no corazón; e por eso, porque entrou varilmente pol-a porta grande no templo da fama, porque acupou o altar maor que estaba valeiro desque Rosalía, Curros e Pondal pasaron á sel-os *Santos da nosa Terra*, total-as campanas da crítica repinicarón á gloria, atoleiradas e algueireiras, cheas de ledicia, con unanimidade poucas veces igualada, repitando xubilosas co inmortal Curros:

¡Hosanna ô poeta que trai a boa nova!

E como poeta da Terra e poeta da Raza—¡non podería ser d'outra maneira!—sintíu todol-os acoramentos e todol-os acaloumiños da Saudade, feita Morriña, que é carne da nosa carne, alma da nosa alma e sangue do noso sangue, y-é toda a nosa vida mesma, porque está formada con anacos do Pasado, do Presente e do Por-

vir, y-está devanada no sarillo do Tempo co novelo mazaroqueiro dos nosos Recordos e co fío enguedellado das nosas Espranzas.



Non é cousa de meterse agora por entr'os vizosos prantíos que visten de gala o tarreo da Filoloxía, pra pescudar con máis ou menos fortuna si na palabra Saudade hai ou non hai un nisqueño de lusitanismo. ¡Qué máis ténl. Escomasí, o Miño, según axeitada espresión do vello patrucio de todol-os nosos herdos literarios e históricos, non é máis que o río dos nosos destinos, que nace en Galicia y-en Galicia morre, e rega coas suas augas campos irmaus por unha y-outra veira...

Por eso, decir Saudade ou decir Morriña é tanto coma decir alma da

nosa raza, nervo do noso pobo lonxe da terra, nudo forte que nos ata ôs paternos lares, sombra que vai de cote con nosco, musa compañeira dos nosos tropezos e dos nosos trunfos, das nosas amarguezas e das nosas alegrías.

A Saudade é pra nós coma unha nai agarimosiña e querendosa que tan pronto nos bate como tan pronto nos mima, e si agora nos fire ou nos manca, enseguida nos consola e nos cura agasalleira; e si un momento nos pôn cara esquiva e fosca, non sabe cómo comporse pra facernos axiña acariños acaloumiñantes.

A saudade é pr'os gallegos

enfermedá sin nome
que nos deixa co espirito encolleito...
doenza sin doores que nos calla o sangue,
e nos quita os folgos, e nos tolle os nervos....
proído de cóxegas
que nos escoce o corpo sin querelo...
mal misterioso da raza
que hastra nos abafa nos días acedos...



Anda sempre a Saudade tan con nosco y-é tan nosa cando nos vemos fortemente sacodidos pol-as xurdias mareiras da emigración, que se dixera que quer asulagarnos na lagoa sin fondo dos pensamentos magoantes ou que pretende envolvernos nas tépedas craridades da soñada felicidade. Trátase d'un sentimento fondamente noso, froito dos máis grandes amores espiritoales â Terra, que leva xa moitos séculos de madureiro e deloiro e que chegou á adequirir cheiro, coor e sabor, tomando corpo e alma na copra popular que é todo un poema tenro e saudoso e que canta coma si fose un salaio de abafante cobizo:

Airiños, airiños, aires,
airiños da miña terra,
airiños, airiños, aires,
airiños, levaimos á ela.

¿En qué idioma, en qué linguaxe hu-

mano haberá un suspiro máis saloucante, máis íntimo, máis cheo de dozura, máis laiante de coitas que ese cantar dos cantares, ese amor dos amores que unha alma escura, viaxeira e cautiva, arrincou do seu ser pra choral-a Saudade y-a Morriña que levaba dentro de sí roéndolle as entranas?



Afirman algús escritores de renome e de sona que a Saudade é soio propia das razas débeles e dos pobos enfermizos e dexenerados. Pol-o que toca ôs gallegos, semellante afirmación entra na ringuileira das verbas valeiras de todo senso de realidade e ispidas de toda vestimenta de verdá comprobada.

